



## **INSTRUCCIÓN DE 20 DE MARZO DE 2012 POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A EMISIÓN DE INFORME AUTONÓMICO PARA OS PROGRAMAS DE DESPRAZAMENTO TEMPORAL DE MENORES ESTRANXEIROS**

### **NORMATIVA:**

- Lei Orgánica 4/2000 do 11 de xaneiro sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España e a súa Integración Social (art. 25 bis e 30)
- Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado por Real Decreto 557/2011, do 20 de abril (artigos 37, 187 e 188).
- Folla informativa nº 61 de xullo de 2011, da Subdirección Xeral de Xestión da Inmigración (Ministerio de traballo e inmigración), sobre o informe previo para estancia de menores con fins de escolarización.
- Informe Xenérico 63-2011 da Dirección General de Inmigración sobre estancia por estudos de menores estranxeiros

### **PROCEDEMENTO:**

O artigo 37 do Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, regula o visado e autorización de estancia de estranxeiros en España para a realización de estudos, formación, intercambio de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado.

Tratándose de menores de idade, a solicitude de visado debe ser presentada polos seus pais ou titores. No caso de que estes non acompañen o menor durante a súa estancia deberán autorizar expresamente a súa entrada a España para realizar a actividade concreta de que se trate, sufragando todos os gastos da estancia e manifestando expresamente quen será a administración pública, asociación sen ánimo de lucro, fundación, centro, organización, entidade ou organismo responsable da actividade e do período de estancia previsto. Desta maneira evítase que o menor poida quedar nunha situación de desamparo, presente ou futura.

Segundo o informe Xenérico 63-2011 da Dirección General de Inmigración, excepcionalmente permitírase que se poidan sufragar os gastos por parte dunha administración pública, asociación sen ánimo de lucro, fundación, centro, organización, entidade e organismo responsable da actividade e do período de estancia previsto, sempre que non se trate dun programa de escolarización de carácter humanitario. Desta posibilidade exclúese expresamente ás persoas físicas. **Cando se trate dun programa de escolarización de carácter humanitario promovido por estas entidades ou organismos, así como cando no proceso interveñan persoas físicas, será de aplicación exclusiva o previsto no artigo 188 do Regulamento,**



non podendo accederse pola vía do visado de estancia por estudos establecida nos artigos 37 e seguintes da referida norma regulamentaria.

Pola súa banda, o art. 188 da citada norma remítese ao artigo 187 en canto ao procedemento que se deberá aplicar a este tipo de desprazamentos. Este mesmo artigo aplícase ao desprazamento de menores para períodos non superiores a noventa días, en programas de carácter humanitario promovidos e financiados polas administracións públicas, asociacións sen ánimo de lucro ou fundacións ou outras entidades alleas a quen exerce a súa patria potestade ou tutela, para estancias temporais con fins de tratamento médico ou disfrute de vacacións.

**Así pois, aplícase o artigo 187 do Regulamento nos seguintes supostos :**

- **estancia temporal de menores estranxeiros en España no marco dun programa de carácter humanitario promovido e financiado polas administracións públicas, asociacións sen ánimo de lucro ou fundacións ou outras entidades alleas a quen exerce a patria potestade ou tutela, con fins de:**
  - **escolarización**
  - **tratamento médico**
  - **disfrute de vacacións**
- **estancia temporal de menores estranxeiros en España por razón de estudos promovida por persoas físicas**

O artigo 187 establece que o desprazamento temporal de menores estranxeiros a España requirirá informe previo favorable do Subdelegado do Goberno; con carácter previo á emisión deste informe, a entidade ou persoa que promova o programa haberá de presentar ante esta informe emitido polo órgano autonómico competente en materia de protección de menores sobre o programa. Estes informes teñen por obxecto comprobar a garantía de protección sanitaria, escolar e xurídica do/a menor.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, **este informe será emitido pola Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.**

## **REQUISITOS**

1. A persoa ou persoas que exerzan a patria potestade ou tutela do/a menor deben autorizar expresamente a súa estancia en España, con manifestación expresa da persoa ou entidade que se fará cargo da estancia.
2. Debe constar o fin da estancia e a súa duración.
3. Debe constar o compromiso da/s persoa/s ou entidade que promova o programa de desprazamento:
  - a) de facilitar o regreso ao lugar de orixe ou procedencia dos menores
  - b) de que o regreso non implica custo para o erario público, salvo que dito custo fose sido asumido expresa e previamente polo órgano competente.
4. Se os menores van permanecer con familias ou persoas individuais
  - a) as familias ou persoas acolledoras deben ter a residencia na comunidade autónoma galega



- b) as familias ou persoas deberán expresar por escrito:
  - o seu coñecemento de que o desprazamento do/a menor non ten por obxecto a adopción
  - o seu compromiso de favorecer o regreso ao lugar de orixe ou procedencia.
5. No caso de que os menores fosen atendidos en centros ou pisos colectivos, estes deberán estar debidamente autorizados e acondicionados para este fin.
6. **No caso de estancia por estudos:**
  - a) debe tratarse de estudos regrados realizados nun centro de ensinanza recoñecido oficialmente en España.
  - b) **establécese como idade mínima dos menores participantes nestes programas, a idade de inicio da Educación Secundaria Obrigatoria.**
  - c) Debe constar que o/a menor foi admitido/a no centro de ensinanza ou cando menos dispón de reserva de praza no centro, certificada polo responsable deste.
  - d) Ao terminar o curso o menor debe volver ao seu país, ao non ser susceptible de prórroga este desprazamento temporal, salvo razóns excepcionais que o impidan. Por iso, para poder continuar estudos durante outro curso académico será necesario que o menor sexa incluído nun novo programa que lle permita obter o correspondente visado de estancia por estudos en España derivada dun novo desprazamento temporal.
7. Non se emitirá informe favorable cando existise constancia de que o/a menor xa reside na comunidade autónoma antes da aprobación do programa.

## DOCUMENTACIÓN

A entidade ou persoa/s que promova/n o programa presentarán unha solicitude de informe para a estancia temporal de menores dirixida á Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, na que conste:

- identificación e enderezo dos solicitantes
- identificación do/a menor
- identificación e enderezo dos pais ou tutores do menor
- finalidade da estancia
- duración da estancia.

A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

1. Copia do DNI do/s solicitante/s, ou persoa que o represente (pode substituírse por autorización para que o órgano xestor consulte os seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve).
2. No caso de asociacións, fundacións ou entidades análogas, copia dos seus estatutos, ou indicación do procedemento no que conste esta documentación, no caso de tela presentado previamente ante esta Administración nun prazo



non superior a cinco anos (e sempre que non sufrise modificacións desde esa data)

3. No caso de desprazamentos colectivos

a) Un listado coa relación completa de menores integrantes do programa no que figure para cada un deles: nome e apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono no seu lugar de orixe, número do pasaporte, persoa ou familia acolledora (indicando datos identificativos, DNI, enderezo e teléfono) ou centro de estancia colectiva no que vaia residir. (anexo I)

b) Programa de desprazamento e estancia

4. Copia do pasaporte do/s menor/es

5. Autorización da/s persoa/s que exerzan a patria potestade ou tutela do/s menor/es

6. No caso de programas promovidas por administracións, asociacións, fundacións ou entidades, compromiso de facilitar o regreso ao lugar de orixe ou residencia e de que o regreso non suporá custo para o erario público.

7. Documentación que acredite a cobertura sanitaria dos menores durante a súa estancia en España.

8. No caso de estancia por estudos, informe do centro educativo onde se pretenda matricular o menor indicando a dispoñibilidade de prazas ou a súa admisión.

9. No caso de estancia por motivos médicos, compromiso do profesional ou centro sanitario de prestarlle a atención médica e sanitaria necesaria.

10. Cando a estancia vaia producirse con familia ou persoa individual:

a) declaración de datos familiares (anexo II)


b) compromisos adquiridos pola familia (anexo III firmado)

c) certificado de antecedentes penais e de delitos sexuais.

d) informe dos Servizos Sociais do Concello correspondente ao enderezo da familia acolledora. Cando o desprazamento se promova de xeito colectivo, poderá substituírse este informe por un informe conxunto emitido pola entidade promotora.

e) copia da tarxeta sanitaria dos solicitantes, cando se trate de estadías individuais promovidas pola propia familia.

11. Cando a estancia vaia realizarse en centros ou vivendas colectivas, copia da autorización do centro axeitada a este fin.



## ANEXOS

Anexo I - listado de participantes

Anexo II - declaración de datos familiares

Anexo III - compromisos da familia acolleadora (caso de parella asinado por ambos membros)

Anexo IV - solicitude de informe dos Servizos Sociais do Concello

Anexo V - informe da Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a estancia temporal de menores estranxeiros con fins de escolarización, promovida por persoas físicas a favor de menores concretos.

Anexo VI - informe da Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para programas de estancia temporal de menores estranxeiros, promovidos por administracións públicas, asociacións sen ánimo de lucro, fundacións ou outras entidades.

Anexo VII - modelo de solicitude de informe para un programa de estancia temporal dunha persoa menor estranxeira, (non é obrigatorio este modelo, pódese usar este ou calquera outro escrito que conteña a información necesaria).

Anexo VIII - modelo de solicitude de informe para a estancia temporal dunha persoa menor estranxeira -**CANDO SOLICITA UNHA ASOCIACIÓN**-, (non é obrigatorio este modelo, pódese usar este ou calquera outro escrito que conteña a información necesaria).

Anexo IX - (**optativo**) modelos de autorización para solicitar a administración os antecedentes penais e delitos sexuais, se non son presentados polo solicitante.

**En amarelo os anexos dos documentos que debe presentar cumprimentados o solicitante.**





**ANEXO II**

**DECLARACIÓN DE DATOS FAMILIARES DA FAMILIA ACOLLEDORA DE MENOR ESTRANXEIRO EN ESTANCIA TEMPORAL EN ESPAÑA**

Don/a....., con DNI núm....., e don/a ..... con DNI núm....., e enderezo en .....

**DECLARAN BAIXO A SÚA RESPONSABILIADE:**

En relación á súa persoa e a todos os membros que compoñen a unidade familiar:

1. Que teñen unha vida familiar estable e que o desexo de acollemento temporal é compartido polos membros da unidade familiar.
2. Que todos carecen de enfermidades invalidantes ou incompatibles co bo desenvolvemento dun/ha menor na vida familiar.
3. Que teñen capacidade económica suficiente para a atención que require o/a menor de acollida.
4. Que non teñen na historia persoal de todos os membros da familia vivencias que impliquen risco para a acollida do/a menor e que igualmente carecen de antecedentes penais e non están inmersos en procedemento penal ningún.
5. Que os membros que compoñen a unidade familiar e conviven regular ou ocasionalmente baixo o mesmo teito son os seguintes:

NOME	PARENTESCO	DNI	DATA NACEMENTO

..... de .....de 20..  
 (Lugar e data)

.....  
 (sinatura)

.....  
 (sinatura)



**ANEXO III**

**COMPROMISOS DA FAMILIA ACOLLEDORA DE MENOR ESTRANXEIRO EN ESTANCIA TEMPORAL EN ESPAÑA**

Don/a....., con DNI núm....., e don/a ..... con DNI núm....., e enderezo en .....

**COMPROMÉTENSE A:**

Responsabilizarse do/a menor ..... que viaxa para os únicos fins de:

- escolarización durante o curso académico 20... /20...
- médicos
- vacacións

Asumir entre outras obrigas propias da protección de menores as seguintes:

1. Recoller o/a menor á súa chegada e proporcionarlle durante todo o tempo que dure a súa estancia en España as necesidades básicas de aloxamento, alimentación, roupa, asistencia sanitaria, seguridade, apoio emocional, etc, acolléndoo/a coma un máis da súa familia.
2. Gardar o máximo respecto ás súas crenzas relixiosas e ás institucións do seu país de orixe, dentro dos valores educativos propios dunha familia.
3. Non iniciar ningún expediente de adopción respecto do/a menor acollido/a durante a súa estancia en España ante calquera Administración.
4. Favorecer o regreso do/a menor ao seu país de orixe, una vez finalizado o curso académico 20.../20... / tratamento médico / período de vacacións (*tachar o que non proceda*). O regreso da menor non implicará ningún custo ao erario público.

..... de .....de 201.  
 (Lugar e data)

.....

(sinatura)

.....

(sinatura)





**ANEXO VII**

**SOLICITUDE DE INFORME PARA A ESTANCIA TEMPORAL DUNHA PERSOA MENOR ESTRANXEIRA**

Don/dona ..... con DNI núm. .... e  
 Don/dona ..... con DNI núm. .... e  
 dirección electrónica de contacto.....e  
 enderezo en .....  
 solicita/n informe favorable do órgano autonómico competente en materia de  
 protección de menores sobre a estancia temporal do/da menor estranxeiro/a:

Nome ..... Apelidos .....  
 Núm. pasaporte ..... Data de nacemento .....  
 fillo/a de don/dona ..... e  
 don/dona ..... e  
 enderezo en .....

Motivo da estancia .....  
 Duración da estancia .....

....., ..... de ..... de 201  
 (Lugar e data)

.....  
 (sinatura)

.....  
 (sinatura)



**ANEXO VIII**

**SOLICITUDE DE INFORME PARA UN PROGRAMA DE ESTANCIA TEMPORAL DUNHA  
 PERSOA MENOR ESTRANXEIRA**

Don/dona ..... con DNI núm. .... en  
 representación da entidade .....  
 ..... con CIF núm. .... e enderezo en  
 ..... solicita informe  
 favorable do órgano autonómico competente en materia de protección de menores  
 sobre o seguinte programa de estancia temporal de menores estranxeiros:

PROGRAMA: .....

Motivo da estancia .....

Duración da estancia .....

Achégase Anexo I coa relación de menores e familias acolledoras (de ser o caso)  
 participantes no programa.

....., ..... de ..... de 201  
 (Lugar e data)

.....  
 (sinatura)

.....  
 (sinatura)



## ANEXO IX

### PETICIÓN AL REGISTRO CENTRAL DE PENADOS Y REBELDES DE INFORMACIÓN DE ANTECEDENTES PENALES A TRAVÉS DE ORGANISMOS PÚBLICOS

### *PETICIÓN AO REXISTRO CENTRAL DE PENADOS E REBELDES DE INFORMACIÓN DE ANTECEDENTES PENAIS A TRAVÉS DE ORGANISMOS PÚBLICOS*

• **Motivo por el que se formula la petición / Motivo polo que se formula a petición**

SOLICITUD DE PERMISO DE ESTANCIA TEMPORAL DE MENORES EXTRANJEROS.  
*SOLICITUDE DE PERMISO DE ESTANCIA TEMPORAL DE MENORES ESTRANXEIROS*

• **Norma legal en que se fundamenta / Norma legal na que se fundamenta**

Artículo 74 del Decreto 42/2000, de 7 de enero, por el que se refunde la normativa reguladora vigente en materia de familia, infancia y adolescencia (DOG nº 45, de 6 de marzo).  
*Artigo 74 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 6 de marzo).*

• **Datos de la persona de la que se solicita información / Datos da persoa da que se solicita información**

PRIMER APELLIDO / PRIMEIRO APELIDO \_\_\_\_\_

SEGUNDO APELLIDO / SEGUNDO APELIDO \_\_\_\_\_

NOMBRE / NOME \_\_\_\_\_

LUGAR Y PROVINCIA DE NACIMIENTO / LUGAR E PROVINCIA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_

FECHA DE NACIMIENTO / DATA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_

NOMBRE DEL PADRE / NOME DO PAI \_\_\_\_\_

NOMBRE DE LA MADRE / NOME DA NAI \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ NACIONALIDAD / NACIONALIDADE \_\_\_\_\_

Autorizo: A persoa interesada Fdo. / *Asdo.* \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 201

El/La Jefe/a de Servicio de Protección de Menores en Santiago de Compostela

*O/a xefa de servizo de Protección de Menores en Santiago de Compostela*

**En el día de la fecha no hay constancia de nota penal, a los efectos solicitados, que haga referencia a la persona de la filiación arriba indicada / No día da data non hai constancia de nota penal, aos efectos solicitados, que faga referencia á persoa da filiación arriba indicada.**



**PETICIÓN AL REGISTRO CENTRAL DE DELINCUENTES SEXUALES DEL CERTIFICADO DE DELITOS DE NATURALEZA SEXUAL A TRAVÉS DE ORGANISMOS PÚBLICOS**

*PETICIÓN AO REXISTRO CENTRAL DE DELINCUENTES SEXUAIS DO CERTIFICADO DE DELITOS DE NATUREZA SEXUAL A TRAVÉS DE ORGANISMOS PÚBLICOS*

- Motivo por el que se formula la petición / Motivo polo que se formula a petición**

*SOLICITUD DE ESTANCIA TEMPORAL PARA MENOR EXTRANJERO –  
 SOLICITUDE DE ESTANCIA TEMPORAL PARA MENOR ESTRANXEIRO –*

- Norma legal en que se fundamenta / Norma legal na que se fundamenta**

Artículo 53 del Decreto 42/2000, de 7 de enero, por el que se refunde la normativa reguladora vigente en materia de familia, infancia y adolescencia (DOG nº 45, de 6 de marzo).

*Artigo 53 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 6 de marzo).*

Artículo 13.5 de la Ley Orgánica 1/1996, de Protección Jurídica del Menor, modificada por la Ley 26/2015

*Artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015*

- Datos de la persona de la que se solicita información / Datos da persoa da que se solicita información**

PRIMER APELLIDO / PRIMEIRO APELIDO \_\_\_\_\_

SEGUNDO APELLIDO / SEGUNDO APELIDO \_\_\_\_\_

NOMBRE / NOME \_\_\_\_\_

LUGAR Y PROVINCIA DE NACIMIENTO / LUGAR E PROVINCIA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_

FECHA DE NACIMIENTO / DATA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_

NOMBRE DEL PADRE / NOME DO PAI \_\_\_\_\_

NOMBRE DE LA MADRE / NOME DA NAI \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ NACIONALIDAD / NACIONALIDADE \_\_\_\_\_

Autorizo: A persoa interesada Fdo. / Asdo. \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 201

El/La Jefe/a de Servicio de Protección de Menores en Santiago de Compostela

*O/a xefa de servizo de Protección de Menores en Santiago de Compostela*

**En el día de la fecha no hay constancia de nota penal, a los efectos solicitados, que haga referencia a la persona de la filiación arriba indicada / No día da data non hai constancia de nota penal, aos efectos solicitados, que faga referencia á persoa da filiación arriba indicada.**